

GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTO PRINCIPAL I-IV (GAITA)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: INSTRUMENTO PRINCIPAL I-IV (GAITA)										
ESPECIALIDADE	Produción e xestión							ITINERARIO	---	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1h.
ECTS/CUAD.	6	6	6	6					Observacións:	

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas no instrumento ou voz e coñecemento dos diferentes criterios interpretativos.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso; e para os cuatrimestres seguintes, os adquiridos no cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X11, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EPX5, EPX6, EPX7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Perfeccionar as capacidades artísticas, musicais e técnicas, que permitan abordar a interpretación dun repertorio representativo do instrumento.	Todas
Coñecer as características morfolóxicas e acústicas propias do instrumento, indispensable para a optimización de recursos do mesmo.	Todas
Coñecer o patrimonio musical tradicional da nosa cultura e achegamento ás doutros pobos que teñan gaita como instrumento fundamental. Compoñer coas regras básicas dos ritmos tradicionais como método para coñecelos en profundidade.	Todas
Manter hábitos de estudo regulares e coñecer os seus principios básicos aplicándoos á práctica diaria.	Todas
Mostrar independencia progresiva para resolver problemas, xa sexan técnicos ou musicais. Ter métodos de traballo que posibiliten a resolución de pasaxes complexas.	Todas

4. CONTIDOS
Repertorio tradicional
Repertorio de autor
Técnica
Estratexias de aprendizaxe e estudio



5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes	Presencial	Regular
Pescuda de información	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias	Non presencial	Esporádica
Titorías	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación:	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*